

Bases Verán Activo 2022

Programa lúdico-educativo para facilitar a conciliación *da vida persoal, familiar e laboral e ao mesmo tempo como alternativa de ocio dos/das menores en períodos vacacionais de verán.*

O desenvolvemento das actividades contará coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención da Covid-19.

Lugar

Instalacións municipais do Forte e CPI Antonio Orza Couto.

Datas

Dende o 23 de xuño ao 7 de setembro.

Horarios

De luns a venres de 09:00 a 14:00 con ampliación horaria por maior necesidade de conciliación de 08:00 a 09:00 e de 14:00 a 15:00, nos meses de xullo e agosto.

+ Concilia: ampliación horaria por necesidades de conciliación nos meses de xullo e agosto. A ampliación horaria abarcará de 08:00 a 09:00, de 14:00 a 15:00 ou ambas. O número máximo de grupos será de dous en ambos horarios.

Nº de prazas

23 ao 30 de xuño: 40

1ª quincena de xullo 100

2ª quincena de xullo: 90

Mes de agosto: 40

1 ao 7 de setembro: 20

Destinatarios

Menores, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, escolarizados en infantil e primaria.

Criterios de admisión por orde de prioridades

1º Pai, nai, titor, titora ou participantes empadroados/as en Boqueixón (mínimo de 3 meses de antigüidade).

2º Escolarizados/as nun centro educativo do concello.

3º Pai, nai, titor, titora traballando no termo municipal.

4º Participante desfrutando das vacacións no termo municipal.

5º Nenos e nenas que non reúnan ningún dos anteriores requisitos.

Criterios de baremación

No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas ofertadas.

- No caso de empate de puntuación realizarase o desempate por sorteo.

SITUACIÓN SOCIOLABORAL E FAMILIAR	
- Emerxencia social - Menores descendentes ou a cargo de mulleres vítimas de violencia de xénero - Menores incluídos no programa de educación familiar - Familias monomarentais e monoparentais. - Familia con persoas con discapacidade a cargo - Familias con persoas dependentes a cargo - Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (564,90€) - Outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	5 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (847,35€)	4 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.412,25€)	3 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.259,6€)	2 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM (3.671,85€)	1 punto
Situación de familia numerosa.	Xeral 1 punto
	Especial 2 puntos

SITUACIÓN LABORAL OU OCUPACIONAL	
Familias biparentais: 1- Cando as dúas persoas proxenitoras ou titoras legais traballen no mercado laboral. 2- Cando unha das persoas proxenitoras ou titoras legais traballe no mercado laboral.	3 puntos 1 punto
Familias monoparentais/monomarentais: 1- Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral. 2- Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego.	5 puntos 2 puntos
Fogar monoparental/monomarental: 1- Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral. 2- Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego.	5 puntos 2 puntos

Prezos

Quendas	Custo
Semana	30 €
Quincena	60 €
Mes	120 €
Días soltos	10€/día

+ Concilia prezo x hora

Quendas	Custo
Semana	5 €
Quincena	10 €
Mes	20 €
Días soltos	2€ /día

Criterios de bonificacións

- Estas bonificacións aplicaranse ás familias empadroadas ou escolarizadas no Concello de Boqueixón, que non serán acumulables entre si.

Casos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Dpto.de S.Sociais e familias de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Boqueixón.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM.	80%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.	70%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM.	50%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM.	35%
Unidades familiares con ingresos superiores a 6,5 veces o IPREM.	20%
Condición de familia numerosa xeral.	40%
Condición de familia numerosa especial.	50%

Pago

O pago poderá realizarse nun pago único ou fraccionado por mes. O importe correspondente será ingresado na conta do concello cunha antelación de 5 días antes do comezo da actividade, especificando en concepto, o nome, apelidos e quenda na que participa.

Nº de conta: ABANCA ES68 2080 0320 2531 1000 0666

O xustificante de pago deberá enviarse ao e-mail cim@boqueixon.com . A non recepción do xustificante en prazo desestimarás a solicitude.

Inscripcións

Realizaranse do 10 ao 27 de maio, enviando a ficha de solicitude e demais documentación por unha das seguintes vías:

- Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente). Incluir documentación en solicitude xeral.
 - Presencialmente por rexistro.
- Unha vez finalizado o prazo de inscricións no caso de que quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo o rexistro de entrada.

Procedemento de confirmación de prazas

- 1- Listaxe provisional de admitidos/as: unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na web municipal a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.
- 2- Prazo de reclamacións: unha vez publicada a listaxe disporase de 3 días naturais

para presentar alegacións.

- 3- Listaxe definitiva de admitidos/as: publicarase transcorridos 5 días naturais dende o remate do prazo de alegacións.

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA EN CASO DE BONIFICACIÓN:

- Declaración da renda do 2021 dos proxenitores/titores ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
- Documento acreditativo de familia numerosa, , familia monoparental , de familia monomarental ou de situación de violencia de xénero, no seu caso.
- Informe de Servizos Sociais no caso de, emerxencia social, menores incluídos no programa de educación familiar, familia con persoas con discapacidade a cargo, familias con persoas dependentes a cargo ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA EN CASO DE BAREMACIÓN:

- Declaración da renda do 2021 dos proxenitores/titores ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
 - No caso de pai, nai, titor/a que traballe no termo municipal: fotocopia de encabezamento da última nómina, certificado de empresa ou no caso de autónomos/as fotocopia do último recibo de pago.
 - No caso de que o/a participante se atope desfrutando das vacacións no termo municipal: declaración responsable.
 - Documentación xustificativa da situación laboral do pai/nai, titor/titora: fotocopia de encabezamento da última nómina, certificado de empresa ou no caso de autónomos/as fotocopia do último recibo de pago.
 - Documento acreditativo de familia numerosa, familia monoparental , familia monomarental ou de situación de violencia de xénero.
 - Documento acreditativo, no caso de, emerxencia social, menores incluídos no programa de educación familiar, familia con persoas con discapacidade a cargo, familias con persoas dependentes a cargo ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais se é o caso.
- Máis información sobre este servizo no teléfono 981 513115 ou no correo electrónico cultura@boqueixon.com, cim@boqueixon.com